

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN
DATA 31 DE XULLO DE 2007.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez
Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D. Edgar Antonio Vigo López.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de xullo de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, Don Edgar Antonio Vigo López, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora :

D^a Águeda Bello Valdés

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DE
ADHESIÓN Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.**

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia do asunto xustifícase porque hoxe remata o prazo para que os Concellos poidan adoptar este acordo para que teñan efecto da vindeira asemblea da Federación Española de Municipios e Provincias e que por iso se tivo que convocar un Pleno extraordinario e non se puido esperar a tratar o asunto no pleno ordinario a celebrar pasado mañá.

Rematada a súa intervención, polo Sr. Alcalde-Presidente, de conformidade có disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 27 de xullo e 2007 que, transcrita di:

“Considerando de interese para este Concello á adhesión á Federación Española de Municipios e Provincias.

Visto que segundo dispón o artigo 9º dos estatutos de dita federación, a alta e baixa dos socios titulares será aprobada pola Comisión Executiva previa recepción do acordo plenario da Corporación local interesada.

Visto que, segundo consta na información publicada na páxina web da devandita federación, pola Comisión executiva na reunión celebrada o día 20 de marzo de 2007, acordouse que os acordos plenarios de adhesión á FEMP, para que teñan efectos na IX Asemblea, deberán ser adoptados antes do 31 de xullo de 2007

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a adhesión deste Concello á Federación Española de Municipios e Provincias con observancia dos seus Estatutos.

Segundo.- Adoptar o compromiso de facer efectiva na forma e prazos establecidos nos Estatutos as cotas que regulamentariamente sexan estipuladas polos órganos rectores da federación.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo á Federación Española de Municipios e provincias.”

Aberto o debate, intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que non se vai estender na explicación de porqué propoñen este acordo que xa está debatido entre os voceiros; que simplemente trátase de que Fene non está integrada na FEMP e na proposta o que a motiva foi que se trata dunha organización na que están representados a maioría dos Concellos e entenden que é positivo para o concello de Fene, que lle vai abrir mais portas e que se trata de non esgotar unha vía mais de recursos, tolo elo combinado coa acción do Concello que faga na FEGAMP, que non é excluínte con ter voz e voto na FEMP.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que para o BNG esta participación ou adhesión a esta asociación non é un motivo urxente nin prioritario, sobre todo no contexto actual, no que o 100% das entidades públicas galegas se integren na FEGAMP que naceu froito do acordo de tódolos grupos políticos, federación que deste 1996 ata hoxe logrou un feito que practicamente non se repetiu no resto do Estado. Continúa dicindo que fala da FEGAMP porque entenden que dende as autonomías é onde teñen que estar na FEMP, que moitísimas das vantaxes que acadaría por ser membro da FEMP xa as ten o Concello por ser membro da FEGAMP. Continúa a súa intervención dicindo que a FEMP está nun camiño de federalismo onde están representados, que non comparten que neste momento sexa positivo adherirse a esta federación e dende o BNG esas son as razóns polas que non ven a aprobación disto, polo que vanse abster, porque entenden que facelo o último día a última hora responde a poder participar na Asemblea e obter diferentes cargos.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular vai votar a favor porque entenden que deben estar presentes e participar directamente, independentemente que iso poida levar consigo que para o PSOE supoña unha maior participación na Asemblea.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que vai votar a favor, que ademais cría que este Concello xa estaba integrado na FEMP, e que se debe estar na mesma, elo con independencia do traballo que estase desenvolvendo na FEGAMP; que cre que se debe estar con voz e voto en todos os organismos que sexa.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido manifesta que van votar a favor porque hai uns beneficios claros para o Concello, pero á marxe dos beneficios, para eles é unha cuestión eminentemente política. Para eles a participación na FEMP é unha forma de facer política, que se consideran galegos, pero tamén españois e europeos, e, polo tanto, con participación en todos os foros; que a participación política pódese facer de moitas formas, e unha é participar con voz e voto en todos os foros da sociedade; que na FEMP estase a debater un modelo de participación federal pero, en todo caso, de que isto poida chegar a ser depende da vontade dos que forman a FEMP. Continúa a súa intervención o Sr. Noceda Carballo dicindo que respecto a estas cuestións que se presentaron enriba da mesa, resalta que será un patrimonio do conxunto dos Concellos e non de quen ostenta a Alcaldía, será de todos os feneses e fenesas, que tampouco se trata de poder optar a determinados cargos na FEMP, e se así fora, sentiríase orgulloso de que alguén de aquí poidese estar representado.

Acto seguido pide de novo o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que para o BNG non é ningún problema participar, o único que entende é que as relacións entre as federacións territoriais coa FEMP xa teñen unha persoa designada e por iso non o consideran necesario; que ademais a FEMP, segue vivindo algo politizada para ver cal das dúas forzas políticas teñen mais peso, esta é a súa postura.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, José Antonio López Rodríguez, Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral, e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún

Abstencións: Catro (4), dos Sres/Sras Couto Seijido, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Polo Gundín.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 27 de xullo de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.”.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás oito horas e cincuenta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-presidente

A secretaria

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.